

OBRADOIRO

**REMANDO CARA A
IGUALDADE**

**σBAÍlda
TÁ TOLA**

REMANDO CARA A IGUALDADE

É unha actividade lúdica e educativa, dirixida a rapaces e rapazas de 3 a 11 anos, na que se mestura o teatro e o xogo para resaltar a igualdade e o respecto como valores esenciais para a convivencia entre as persoas.

Partindo dunha temática relacionada co mar, abordaremos cuestións como: existen as cores de nenas e de nenos? Cales son os xogos para as nenas? e para os nenos? Pode desempeñar un home calquera profesión? E unha muller? Temos diferentes trazos de personalidade os nenos e as nenas? E diferentes emocións?

OBXECTIVOS

- Impulsar o uso de valores sobre igualdade de xénero.
- Comprender a diferenza entre xénero e sexo.
- Potenciar a visión crítica sobre roles establecidos e estereotipos.
- Crear un espazo cómodo para a liberdade de expresión e o respecto.
- Fomentar a autoestima, a non discriminación e a igualdade de oportunidades.
- Impulsar o valor do xogo como medio de aprendizaxe.
- Promover a linguaxe teatral como vehículo para achegarnos ás emocións.

DIRIXIDO A

Grupos de 2º ciclo de Educación Infantil e todos os cursos de Educación Primaria.
Número máximo de participantes por actividade 50 alumnos/as.
Necesario que cada grupo veña acompañado polo seu titor/a.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade ten unha duración de 1 hora e desenvolverase en tres partes:

- A primeira: unha breve peza teatral.
- A segunda: un debate sobre a mesma.
- A terceira: xogos relacionados coa temática



Peza teatral

Alén, achégase a contarnos unha historia na que se embarcou de pequena e que a levou a decidir ser unha mariñeira! De nena, vivía nun pobo con mar cunhas circunstancias ben curiosas. Polo simple feito de nacer nena ou neno, había unha serie de cousas que non podías facer, e pola contra outras que debías facer sempre... A nena, farta de escoitar á xente laiarse por non poder facer o que desexan, decide embarcarse nunha aventura mariñeira para comprobar se a lenda que contaban os avós e avoas do pobo era certa. Será quen de facer que as cousas muden no seu pobo?

Debate

Falaremos cos nenos e nenas sobre a obra e dependendo da comprensión de cada idade, abordaremos distintas cuestións sobre xénero: Existen traballos de homes e de mulleres?, cores e xogos de nenos e nenas?, en que nos parecemos os nenos e as nenas?, en que nos diferenciamos?...

Xogo

Propoñemos unha serie xogos:

Xincana: para os máis pequenos. Diferentes probas (forza, habilidades, emocións...) ca finalidade de comprobar que tanto nenas como nenos son capaces de levalas a cabo... ou non. Cada un de nós é diferente e por iso algunha das probas resultaranos máis doada de realizar ca outras.

Improvisacións teatrais: a partir de 3º Primaria. Unha serie de improvisacións nas que terán que resolver diferentes situacións onde comprobaremos se existen os roles de xénero

CONTACTO

655055654 (Soraya) 646045354 (Anna)

obauldatiatola.com

obaudatiatola@gmail.com



OBAILDA
TÍATOLA

DATA DE ESTREA

27 de outubro de 2021 no
CEIP Fontes -Baíña (Baiona)